

# //// ANABAD Galicia



Artigo de Pablo Sánchez Ferro sobre o Arquivo Histórico Provincial de Ourense

## Sumario

### SUMARIO

#### Entrevista:

Bibliotecaria Fundación

Eugenio Granell pax. 2

#### Artigo:

Arquivo Histórico

Provincial de Ourense pax. 4

#### Noticias e

Convocatorias pax. 6

Formación pax. 7

Obxectivos pax. 7

Contacta pax. 7

Neste terceiro número contamos con varios artigos:

Unha entrevistas con **María Pita, Bibliotecaria da Fundación Eugenio Granell.**

Sección seguida por un artigo de colaboración de **Pablo Sánchez Ferro, Director do Arquivo Histórico Provincial de Ourense,** falándonos da dinamización cultural do arquivo na actualidade.

A sección de **Noticias e Convocatorias** achéganos ás inmediatas **Asembleas Xeral e Extraordinaria de Anabad-Galicia.** Á convocatoria dos **Premios Irmandade do Libro** organizados pola Federación de

Libreiros e ao **V Congreso de Bibliotecas públicas.**

Por último a sección de **formación** aporta as convocatoria propias da Asociación a realizar no presente ano 2010.

Queremos contar coas vosas suxestións. Se queredes incluír novas seccións, enviar artigos e comentarios, ou todo aquilo que desexedes manifestar, estamos abertos á vosa colaboración.

Podedes poñervos en contacto con nós no seguinte enderezo electrónico:

[anabadgalicia@mundo-r.com](mailto:anabadgalicia@mundo-r.com).

Ou no correo postal:

Anabad-Galicia

Apartado de correos 193

15080 A Coruña

## ENTREVISTA



María Pita

Licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Bibliotecaria da Fundación Eugenio Granell.

[biblioteca@fundacion-granell.org](mailto:biblioteca@fundacion-granell.org)

Biblioteca  
da Fundación  
Eugenio  
Granell

### En que e como te formaste?

Na facultade fixen a especialidade en bibliotecas, era algo que tiña moi claro; logo, bolsas de formación en arquivos e bibliotecas. O traballo diario é tamén unha importante fonte de formación, aínda que ao mesmo tempo tento manterme actualizada facendo cursos especializados.

### Que experiencia consideras que che aportou máis a nivel profesional?

A bolsa no Museo do Pobo galego foi a primeira experiencia de traballo nun museo, ámbito onde desenvolvo actualmente o meu labor profesional. É un centro polo que sinto moito aprezo.

### Canto tempo levas no posto actual e que tipo de funcións realizas?

Desde o ano 2001 levo a biblioteca da Fundación. Como son a única persoa que traballa na biblioteca, fago todos os labores propios dunha biblioteca de arte. Góstame moito porque fago diferentes actividades ao longo do día, xestión, catalogación, atención ao usuario etc. O que lamento é non ter tempo para facer actividades na biblioteca do museo. Neste ano incorporárase a biblioteca persoal de Eugenio Granell, de 15.000 volumes, e todo o seu arquivo. Sen dúbida representa un reto, pero é un fondo impresionante e teño moita ilusión.

### Que implantación cres que ten a túa entidade na sociedade?

Este é un museo de interese galego, creado en 1995. É senlleiro no estudo das vangardas artísticas e as súas actividades non se circunscriben só á actividade expositiva senón que fai todo tipo de actividades culturais como maratóns de lectura, teatro, música e colabora con colectivos solidarios. A interacción coa cidade de Santiago é moita, o Pazo de Bendaña está situado nun lugar privilexiado.

### Desde a perspectiva do teu traballo actual: como ves a relación entre o teu labor e a sociedade?

Polo lugar no que está situada, no corazón da cidade de Santiago, e polo feito de ser unha biblioteca moi acollidora, son moitas as persoas que non sendo estritamente investigadores veñen ler ou estudar. Aínda que somos unha biblioteca especializada non pensamos que isto sexa unha carga para o servizo, pois non obstaculizan en ningún momento o labor dos investigadores, e por outra banda, é raro o usuario que se limite ao uso da biblioteca sen establecer lazos persoais coa Fundación participando noutras actividades. As bibliotecas especializadas son tamén parte das institucións e comparten con elas os obxectivos.

### Tes desenvolto algún traballo en colaboración con outros profesionais doutras institucións?

Aparte do intercambio de publicacións con institucións afíns, existe unha comunicación moi fluída coas bibliotecas de arte de Santiago, especialmente coa biblioteca do Centro Galego de Arte Contemporánea e a do Colexio de Arquitectos. Tamén facemos actividades con bibliotecas de fóra, coma o ano pasado, que para celebrar o Día Internacional do Libro nos sumamos ao movemento bookcrossing con outras bibliotecas de arte. A iniciativa foi do Artium de Vitoria-Gasteiz e tivo moi boa acollida.

### Como consideras que debe ser un bo profesional da xestión da información?

Creo que un bo profesional ten que ter ilusión polo traballo e ganas de aprender día a día tendo en conta a dimensión social e cultural da súa profesión. Actualmente teorízase moito sobre o papel que vai ter o coñecemento, e polo tanto o seu sustento que é a información, no novo xeito de organizarse a economía e o traballo.

# BIBLIOTECA FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL



Biblioteca da Fundación  
Eugenio Granell

Pazo de Bendaña. Praza do Toural s/n  
15705 Santiago de Compostela  
tel. 981 572 124 / 981 576 394  
fax.981564069

[www.fundacion-granell.org](http://www.fundacion-granell.org)

Biblioteca  
da Fundación  
Eugenio  
Granell

Isto pon aos profesionais que traballamos con ela, nunha situación de responsabilidade non sei se inédita, pero polo menos non recoñecida ata o de agora.

## Como é a implantación das novas tecnoloxías na institución na que traballas?

Lenta, temos un presuposto moi axustado e imos respondendo ás necesidades máis inmediatas.

## Na túa institución utilizades algún novo medio de difusión da información da propia institución?

Desde a web da Fundación fixemos diversas actividades, como “Libro por libro”, que é un intercambio de publicacións. Utilizábamnos o foro da páxina web para que a xente intercambiara libros non só coa fundación, se non entre eles. Tamén temos perfil en Facebook.

## Cres necesario un maior e/ou mellor uso das mesmas?

Por suposto, pero con un entusiasmo que non nos impida reflexionar. Son instrumentos e como tales debemos de seguiilos considerando. Non son o fin, senón os medios.

## Utilizas a nivel persoal/profesional algunha ferramenta social? Especifica a utilidade que lle encontras ao uso profesional a estas ferramentas?

No caso dos blogs son mais ben usuaria pasiva deles. Coido que son grandes fontes de información pola súa actualidade e a falta de censura, pero tamén me parece que dalgún xeito se están sobredimensionando algunhas das súas virtudes. Moitos blogs son moi útiles pero tamén hai unha chea deles que se dedican a difundir dunha maneira acrítica o que viron noutro lugar. Corremos o risco de só ter en conta o que sexa dixerible pola famosa nube, que o pode tragar todo pero non todo o dixire ben.

## Cres que a nosa profesión está suficientemente valorada a nivel social?

Penso que a xente conserva unha grande cantidade de prexuízos entorno á nosa profesión. Algúns serán sen dúbida culpa nosa e polo tanto serían cousas que habería que cambiar, outros quizais partan da propia escala de valores que se aplica, e obviamente podemos, debemos, discrepar.

## Como cres que deberíamos contribuir como profesionais a visibilizar a profesión e a poñer en valor os nosos servizos?

Creo que debemos facer fincapé precisamente no noso carácter profesional: en moitos centros somos realmente os únicos que temos con propiedade unha profesión, non soamente un posto de traballo. Nisto o asociacionismo é tremendamente importante, homologando dalgún xeito as competencias necesarias, establecendo campos de especialización, grupos de traballo, táboas de salarios recomendables; non, desde logo, para establecer cotos privados.

## Como ves o asociacionismo na nosa profesión?

É algo básico e moi necesario, pero non está nun bo momento. Por outra banda dá a impresión de que na esfera internacional tamén perdeu moito pulo. Creo que, sen menosprezar o esforzo que estamos facendo, podemos estar perdendo terreo. A UNESCO e a IFLA, non son dende logo as mesmas; non sei se os arquiteiros teñen a mesma impresión.

## Que botas en falta para os profesionais galegos?


Coido que deberíamos ser máis activos.

## ARTIGO



Pablo Sánchez Ferro

Director do Arquivo Histórico Provincial de Ourense



Guía do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

ARQUIVO  
HISTÓRICO  
PROVINCIAL DE  
OURENSE  
ARQUIVO ABERTO

## ARQUIVO ABERTO: A DINAMIZACIÓN CULTURAL DO ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE OURENSE NA ACTUALIDADE

Nos albores do século XXI asistimos aparentemente a unha constante mutación da sociedade e da cultura nun mundo cada vez máis globalizado, un mundo no que existe unha tensión entre unhas forzas uniformadoras e outras diferenciadoras, entre identidades globais e identidades locais. É unha realidade complexa que esixe ás institucións inseridas nela unha adaptación case camaleónica para poder interactuar en sintonía coa súa contorna dentro dun ámbito global pero con capacidade para manter a identidade local, con capacidade de proxección global sen diluír a idiosincrasia local.

Os arquivos históricos provinciais deben facer fronte neste medio a varios retos para poder seren institucións públicas que presten servizos de valor engadido. Un deses retos é o da dinamización cultural, entendida como parte do servizo á cultura que ven consagrado pola nosa norma suprema no seu artigo corenta e catro. Esa dinamización xustifícase dende a perspectiva da creación e coñecemento da propia identidade, da propia historia da sociedade, polo que se converte nun compromiso esencial de calquera institución cultural, incluídos os arquivos, que, aínda que son Administración, non deixan de ser por iso Cultura.

Os criterios que deben guiar esa dinamización, áo noso modo de ver, son o de idoneidade, oportunidade e ponderación, todos eles intimamente imbricados entre eles, e en certa medida, subsumidos uns nos outros. Idoneidade respecto ás demandas sociais tácitas ou implícitas que deducimos da nosa interacción coa contorna. Oportunidade de ser realizada unha actividade ou acción no momento apropiado e cos recursos dispoñibles. Ponderación respecto ao custo da iniciativa e á potencialidade de acadar con ela un eco suficiente entre o sector social destinatario.

### PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

Partindo deses criterios, o AHPOu implementou dúas liñas de actuación paralelas e complementarias. Por unha banda, a liña dura, a liña da produción científica destinada tanto á investigación académica como ao

colectivo profesional dos arquiteiros. Nesta liña recóllense, polo momento, dous tipos de publicación: os instrumentos de descrición, como a *Guía do Arquivo* (2006), redactada polo equipo técnico do AHPOu, ou o *Catálogo de documentos medievais do concello de Ourense*, realizado por M<sup>a</sup>. José Losada Meléndez no ano 2008.

E por outra banda, están os *Cadernos de Arxivística e Cultura Escrita*, unha publicación seriada en forma de colección de monografías que pretende mellorar a comprensión das fontes da Historia, o funcionamento dos arquivos e contribuír ao coñecemento da cultura escrita, en tanto que dimensión fundamental da identidade e da existencia humanas. Destes cadernos saíron, no 2008, dous números, un titulado *As orixes do Arquivo Histórico Provincial de Ourense*, realizado por Francisco Sandoval Verea e quen subscribe, e outro, asinado por Pedro López Gómez, baixo o título *La formación de los archiveros españoles en el siglo XX: una mirada retrospectiva*. O primeiro estuda o contexto da creación e da evolución do AHPOu co fin de autoreflexionar sobre a identidade da institución para poder proxectarnos con conciencia cara ao futuro, e ademais realizouse como unha xusta homenaxe aos arquiteiros que loitaron pola creación do AHPOu. O segundo caderno fai unha análise panorámica da formación da nosa profesión no ámbito territorial español ao longo do pasado século, que supón unha síntese actualizada das constantes pescudas do autor sobre o tema.

### DIVULGACIÓN

A outra liña, a liña branda, que non por iso menos pulcra, é a estritamente divulgativa, na que se conxugan o rigor científico coa sinxeleza expositiva. O fin desta liña é achegarnos a un público moi amplo, darnos a coñecer no conxunto social e ampliar o espectro de usuarios potenciais. Esta liña parte dunha concepción *democrática* da utilidade sociocultural do patrimonio documental, no sentido de poder ofertar tanto unha especie de

## ARTIGO



### ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE OURENSE

Hernán Cortés, 2  
32005 Ourense  
Tel./Fax.: 988 223 493

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivos/ourense/index.htm>

ARQUIVO  
HISTÓRICO  
PROVINCIAL DE  
OURENSE  
ARQUIVO ABERTO

ocio culto como, o que considero máis importante, no de asumir un compromiso ético na aproximación a franxas do espectro social que pola concepción *tradicionalista* dos arquivos, escorados cara posicións academicistas e patrimoniais, quedaban excluídos do coñecemento dun patrimonio que tamén lles pertencía.

Nesta liña inscríbese **Fronda, folla voandeira do AHPOu** cuxa finalidade é divulgar o patrimonio documental custodiado no AHPOu, que, sen renunciar ao rigor, utiliza unha linguaxe menos académica para un público xeral, coñecedor ou non do patrimonio documental. Foi no mes de xuño de 2006 cando saíu á luz o primeiro número de *Fronda*, que vai polo vintecinco. No número un, ilusionados cun espírito construtivo, declarabamos que a folla nacía polo “convencemento da importancia que ten o compromiso activo das institucións públicas custodias de bens patrimoniais co acrecentamento da cultura e o fomento da harmonía e o espírito crítico da sociedade cara ao seu melloramento. Fronte a unha sociedade na que o tedio e a indolencia son cada vez máis unha presenza desalentadora, desexamos proporcionar unha visión nova, imbuída dun espírito crítico e lúdico, sobre calquera elemento relativo aos arquivos, ao patrimonio documental e á cultura escrita en xeral que sexa susceptible de acrecentar a curiosidade dos individuos e enriquecer a súa personalidade.”

Con este espírito crítico de fomento da cultura e de formación da cidadanía, *Fronda* chega a institucións culturais, institutos de ensino medio, bibliotecas, museos e arquivos. Ao longo destes anos, os documentos custodiados no AHPOu permitíronnos viaxar pola Galicia do pasado a través de documentos como o foro, os testamentos ou o Catastro de Ensenada, e coñecemos as posibilidades que ofrecen para aproximarnos á realidade socioeconómica e territorial en distintas épocas da Historia. Ático Noguero (1888-1942), a través dos seus debuxos, guiounos por rincóns esquecidos do Ourense de finais do XIX. Celebramos efemérides como os 75 anos dos arquivos históricos provinciais, os centenarios de Curros Enríquez, Jesús Ferro Couselo e

Xaquín Lorenzo “Xocas” ou o bicentenario da invasión francesa e, con motivo de ser declarado o 2006 “Ano da Memoria”, deuse conta dos fondos do AHPOu útiles para o estudo tanto da Guerra Civil como do exilio e a represión política sufridos durante a ditadura franquista.

Na liña branda inscríbese tamén unha carpeta divulgadora chamada **Arquivo aberto** que inclúe un caderno no que se informa dos fondos documentais e das funcións propias do AHPOu, entre as que destaca o servizo á cidadanía e ás administracións públicas. Ademais, a carpeta contén 10 láminas en cor nas que se reproducen algúns dos documentos máis significativos do Arquivo. Cada lámina inclúe a transcripción total ou parcial do texto de cada documento reproducido, así como un comentario no que se contextualiza historicamente.

Paralelamente á carpeta, e co gallo da celebración do Día do Libro no ano 2009, presentouse na Biblioteca Central do Campus de Ourense da Universidade de Vigo a exposición **Arquivo Histórico Provincial de Ourense: arquivo aberto**. Exposición itinerante, que ten idéntica finalidade que a carpeta, achegar o Arquivo Histórico Provincial de Ourense e os documentos que nel se custodian a un público amplo, especialmente á xente nova polo que, tras pasar un tempo na Biblioteca Central do Campus ourensán, viaxará por outros centros culturais e educativos.

Respecto ao futuro da dinamización no AHPOu, para este ano agardamos, publicar o número tres dos *Cadernos*, realizado por Gabriel Quiroga Barro, sobre un fondo familiar galego. Remataremos un xogo de rol destinado esencialmente a estudantes de ensino medio e de primeiros anos de universidade, pero tamén a calquera persoa afeccionada a ese tipo de entretemento. Concluiremos un documental sobre o AHPOu, que conte a súa historia e recolla o seu emprazamento actual, dado que se vai producir, políticos mediante, o cambio de sede, que anunciado desde hai moitos anos non chega nunca, aínda que se espera con gran necesidade.

Estas son as iniciativas que fomos artellando nos últimos anos e que esperamos poder avanzar, xunto con outros proxectos que xa nos rondan a cabeza, se a crise non nos frustriga en demasía.

## Asemblea xeral de Anabad-Galicia

ANABAD-Galicia convoca aos seus asociados á [Asamblea Xeral](#) que terá lugar o **Xoves 25 de febreiro** no Fórum Metropolitano da Coruña ás 17.30 h. en primeira convocatoria e ás 18.00 en segunda, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación da acta anterior.
- 2.- Aprobación do plan de actividades para o ano 2010.
- 3.- Examinar e aprobar a memoria de actividades do ano 2009.
- 4.- Examinar e aprobar as contas e balances do ano 2009.
- 5.- Rogos e preguntas.

## Asemblea extraordinaria de Anabad-Galicia

ANABAD-Galicia convoca aos seus asociados á [Asamblea Extraordinaria](#) que terá lugar o día 25 de febreiro no Fórum Metropolitano da Coruña ás 18.30 h. en primeira convocatoria e ás 19.00 h en segunda, coa seguinte orde do día:

- 1.- Modificación dos estatutos de ANABAD-Galicia.
- 2.- Rogos e preguntas.

[Accede á información sobre a modificación dos Estatutos.](#)



## V Congreso Nacional de Bibliotecas Públicas

Baixo o lema **Biblioteca Pública y contenidos digitales: retos y oportunidades**, celébrase este congreso en Xixón os días **3, 4 e 5 de Novembro de 2010**

[Información sobre o Congreso.](#)

As persoas interesadas en participar con comunicacións deberán enviar resumo da mesma, cun máximo de 800 caracteres, até o 22 de Marzo ao enderezo:

[congreso.publicas@mcu.es](mailto:congreso.publicas@mcu.es)

- [Normas de presentación de Documentos](#)
- [Normas para presentación de videos](#)

## Premios Irmandade do Libro

A [Federación de Libreiros de Galicia](#) organiza os XIX Premios Irmandade do Libro.

Estes Premios están divididos en 6 modalidades diferentes:

- Libro do ano e Obra editorial do ano
- Librarías
- Institucións
- Centros de Ensino
- Autores
- **Fomento da Lectura**

A esta última modalidade é á que se poden acoller as bibliotecas públicas.

ANABAD-Galicia participa no xurado, representada pola compañeira Mónica Carballo Quiroga (Biblioteca do Saviñao). Os premios serán fallados en Sarria o **10 de Abril de 2010**.

A data de entrega das Actividades de Fomento da Lectura remata o **13 de Marzo** e deben ser enviados a:

Federación de Libreiros de Galicia  
Rúa República de El Salvador, 28  
entrechán B

15701 Santiago de Compostela



**//// ANABAD Galicia**

## FORMACIÓN

### XERAL

- Charla: **As redes sociais nos centros de información: cimentando a identidade dixital e a reputación en liña na web 2.0**

Destinada a Bibliotecarios, Arquivistas e Documentalistas. Impartida por **Catuxa Seoane García**, Técnico de Biblioteca (Bibliotecas Municipais da Coruña).

Data: Sábado **13 de marzo**

Lugar: **Museo Pedagógico de Galicia** (Santiago)

Horario: de 10 a 14h. (4h.)

Prezo: **gratuito** para persoas asociadas.

[Convocatoria](#) e [Inscripción](#)

### ARQUIVOS

- **Xestión e preservación de documentación electrónica**

Impartido por **Jordi Serra Serra**, responsable de Administración Electrónica y Gestión Documental, Departamento de Vicepresidencia, Generalitat de Catalunya

Datas: entre novembro e decembro (por determinar)

Horario: 10 horas

- **Fundamentos de dirección de proxectos de xestión documental**

Impartido por **Ramiro Concepción Suárez, Vicente Rodríguez Monteguín y Francisco Ortega Fernández**, Universidad de Oviedo

Datas: segunda quincena de xuño (aínda sen determinar)

Horario: 20 horas

- **Xestión de arquivos**

Impartido por **Pedro López Gómez**, Universidade da Coruña

Datas e horario: entre setembro e outubro (por determinar)

### BIBLIOTECAS

- **Catalogación de recursos dixitais**

Impartido por **Amparo Sánchez Rubio**, xefa de sección do Centro Bibliográfico Biblioteca de Castilla y León

Datas: do **26 de abril ao 26 de maio**

Lugar: on-line

Horario: 40 horas

- **Internet invisible:**

Impartido por **Isidro F. Aguillo**, responsable do Laboratorio de Cibermetría do Centro de Ciencias Humanas y Sociales do CSIC

Data: Sábado **19 de Xuño**

Lugar: Academia Pomba (Santiago de Compostela)

Horario: de 10 a 14 e 16 a 20h. (8 h.)

- **Xestión e organización de recursos dixitais**

Impartido por **Ricardo Eito-Brun**, especialista en análise e deseño de sistemas de información e arquitectura da información entre outras especialidades.

Datas: do **2 ao 30 de novembro**

Lugar: on-line

Horario: 20 horas

## OBXECTIVOS

En ANABAD-Galicia temos por obxectivo fundamental promover o desenvolvemento profesional dos nosos socios e dos servizos que temos encomendados.

Carecemos de finalidade lucrativa e dedicamos os beneficios eventualmente acadados ao desenvolvemento das nosas actividades.

Ocupámonos de administrar o patrimonio e representar os nosos socios nas actuacións conxuntas en defensa do patrimonio histórico de Galicia.

Os nosos obxectivos son:

- Defender os intereses profesionais dos asociados
- Contribuír á súa formación profesional
- Propiciar unha maior conciencia da realidade profesional dentro da comunidade á que atenden
- Favorecer a mellora dos servizos encomendados aos asociados

### ONDE ENCONTRARNOS

Web: [www.anabadgalicia.net](http://www.anabadgalicia.net)

Blog: <http://agabad.blogspot.com>

Lista de distribución: <http://groups.google.es/group/anabad-galicia>

E-mail: [anabadgalicia@mundo-r.com](mailto:anabadgalicia@mundo-r.com)

Tel.: 661 709 823 (Alba)

Horario atención:

L, Ma, X, V: de 10 a 14h. / Me: de 17 a 20h.

### ASÓCIATE

[Ficha de inscrición](#)

Enderezo:

Apdo. 193

15080 A Coruña



### ANABAD-GALICIA

FORMA PARTE DAS FEDERACIÓNS

